



Confederación Intersindical Galega

Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)

## Xuízo polas sancións de 45 días a 3 delegados de AST

### ANULADAS AS SANCIÓN S A MIGUEL, ROBERTO E JUAN

Hai uns días fíxose pública a sentenza do xuízo polas sancións de 45 días de emprego e soldo aos compañeiros Miguel Izquierdo, Roberto Varas y Juan Maroto; delegados sindicais de AST. O fallo anula as sancións e engade que a resolución é firme ao non contemplarse legalmente a posibilidade de interpoñer recurso.

Na sentenza, ao igual que ocorreu no xuízo a Juan Torres, volve a incidirse en que as imputacións da empresa entran en clara contradición co visionado das cámaras de seguridade, demóstrase outra vez que a empresa manipula e lembramos de novo que a súa versión foi a proba principal na que se baseou o xuíz que ratificou os despedimentos de Álvaro e Porfirio.

Hoxe volvemos repetir o que dixemos unha e outra vez: **ese día non pasou nada grave en distrito C**. É necesario que todos entendamos que estes despedimentos e sancións son unha clara **REPRESIÓN SINDICAL**, co obxectivo de acabar co sindicalismo crítico e deixarlle o camiño despexado á empresa nos seus proxectos.

Se a actuación da empresa é rexeitable, a dos sindicatos socios, que promoveron e alentaron á empresa para actuar deste xeito, é completamente intolerable. Poucos meses despois de asinarse o convenio en Telefónica todos puidemos ver nos medios de comunicacións actitudes moito máis belixerantes nos conflitos da automoción, todos recordamos as imaxes das concentracións na Nissan e podemos comparalas co visionado do vídeo de distrito C.

Esta nova sentenza favorable aos traballadores debería abri-lle os ollos a aqueles que seguen crendo, con fe absoluta, o que conta a empresa. As probas son claras e están ao alcance de calquera. Esperamos tamén que a sentenza do recurso para a retirada dos despedimentos de Álvaro e Porfirio se fundamente, como estas sentenzas, nas probas documentais e non nas testemuñas presentadas pola empresa. Se é así de seguro serán readmitidos.

### **POLA RETIRADA DOS DESPEDIMENTOS E SANCIÓN S**

Galiza, 24 de setembro de 2009

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)